INNOVA MICROLAB

Compra Pública Precomercial: plataforma rápida de diagnóstico de infeccións e resistencia antimicrobiana e para o estudo do microbioma humano

Innova MicroLab xorde da necesidade de encarar un grave problema de saúde existente a nivel mundial como son as resistencias a antimicrobianos e evitar a posibilidade de que determinadas infeccións se convirtan en incontrolables por este motivo. A través da Compra Pública Innovadora preténdese desenvolver dúas plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas que redundan de maneira clara e directa na saúde dos cidadáns, centradas en dous retos:

- Reto 1: o diagnóstico microbiolóxico ultrarrápido de patoloxías infecciosas.
- Reto 2: o estudo da evolución do microbioma en pacientes con enfermidades metabólicas.

O proxecto conta cun orzamento de 5,7 M. euros financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do Programa operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 no marco dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Ministerio de Ciencia e Innovación.

DIRECTO A

Web do proxecto

CONTIDO RELACIONADO

Acto de presentación da Consulta Preliminar ao Mercado do proxecto Innova MicroLab 9 xullo 2021

NOVAS

O pasado 5 de setembro tivo lugar a xornada virtual de presentación da licitación de Compra Pública Precomercial do proxecto Innova MicroLab

Participa na licitación da Compra Pública Precomercial do proxecto Innova MicroLab

Publicado o informe de conclusións das CPM de Innova MicroLab na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia

Participa na CPM de Innova MicroLab enviando a túa proposta de solución innovadora